

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

VENRES 20 DE OUTUBRO NA UNIVERSITAT DE BARCELONA

O pedagogo Antón Costa Rico fala sobre Galiza e o desenvolvemento cultural

Antón Costa é o conferenciante convidado nunha cita clásica do calendario galego en Barcelona, a apertura dos Cursos de Lingua e Cultura Galegas, que neste ano acada a súa [22 edición](#) de novo con arredor dun cento de estudantes matriculados. Durante esta presentación tamén se entregarán os diplomas do curso anterior. Antón Costa é unha das voces de referencia da pedagogía galega. O acto está aberto ao público interesado. Informa **Filologies Gallega i Portuguesa**.

- 15:05 17/10/2006

Antón Costa Rico (Castellar de la Frontera, 1952), é profesor de historia da educación na Universidade de Santiago de Compostela. Foi un dos fundadores do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega e das revistas *As Roladas* e *Revista Galega de Educación*. Entre os seus libros recentes destacan *Sarmiento: vida e obra* (Xerais, 2002) e *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Xerais, 2004).

Antón Costa Rico

[Galicia: reino, nación e comunidade. O desenvolvemento cultural](#)

Org. [Filologies Gallega i Portuguesa](#), Universitat de Barcelona

Venres 20 de outubro de 2006 ás 18:00

Aula 111, Pati de Lletres, Edifici Històric

Gran Via de les Corts Catalanes, 585 ◆ 08007 Barcelona